

**ESTIMADA VECIÑANZA:**

Desde a área de Educación Familiar, do Departamento de Servizos Sociais, en colaboración coa Concellería de Participación e Dinamización Veciñal do Concello de Barreiros, organízase **Barreiros ActivaMente**, destinado a persoas maiores de 65 anos, xubiladas maiores de 60 anos ou con discapacidade (que se consideren idóneas para participar nos mesmos) do concello (terán preferencia persoas empadroadas).

O comezo das actividades será o xoves 3 de novembro.

As actividades levaranse a cabo en 4 lugares, 3 xa establecidos e un cuarto escollido entre 5 localizacións posibles (segundo o maior número de persoas pre-inscritas), cunha duración dunha hora semanal e unha taxa municipal de 10 €/ano.

Estas actividades terán un aforo limitado (30 persoas por ubicación), polo que para facilitar a organización, precisamos unha **inscrición previa**.

Para tal fin, remitimos un folio anexo que deberán presentar no concello. A data máxima de entrega será o martes 25 de outubro do 2022.

No caso de non formalizar preinscrición, só se admitirán novas solicitudes de quedar prazas vacantes.

Gustaríanos contar coa súa presenza nestes talleres lúdicos nos que poderán participar en actividades de aprendizaxe e lecer, coas que se pretende favorecer o proceso de envellecemento, dando a coñecer este (as súas causas, consecuencias e recursos dispoñibles para paliar), traballando a memoria, a atención e a concentración e potenciando as relacións entre a veciñanza do Concello.

Agradecéndolle de antemán a súa asistencia, reciba un cordial saúdo,

Barreiros, 7 de outubro do 2022



ANTONIO VEIGA OUTEIRO  
O ALCALDE ACCIDENTAL.

**NOTA:** Previo ao inicio da actividade, o Concello poñeráse en contacto coas persoas pre-inscritas para confirmar a reserva de praza e o procedemento inicial de inscrición.

**ANEXO PRE-INSCRICIÓN Barreiros ActivaMente:**

|                                                                                                          |                                     |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------|
| <b><u>NOME E APELIDOS:</u></b>                                                                           | <b><u>DNI:</u></b>                  |
| <b><u>DOMICILIO:</u></b><br><br>Empadroadado/a: <input type="checkbox"/> si <input type="checkbox"/> non | <b><u>TELÉFONO DE CONTACTO:</u></b> |

desexo participar na actividade **Barreiros ActivaMente:**

| <b>LUGAR</b> (Marcar cunha cruz o escollido)                        | <b>DÍA</b> | <b>HORARIO</b>   |
|---------------------------------------------------------------------|------------|------------------|
| <input type="checkbox"/> COLEXIOS VELLOS DE SAN MIGUEL DE REINANTE. | LUNS       | 18 a 19 h.       |
| <input type="checkbox"/> CENTRO SOCIAL DE CABARCOS.                 | XOVES      | 15 a 16 h.       |
| <input type="checkbox"/> CENTRO SOCIAL DE SAN COSME.                | XOVES      | 18:00 a 19:00 h. |

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |       |                  |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------|------------------|
| <b>LUGAR</b> por determinar. <b><u>Marcar 1 ou 2 opcións.</u></b><br><br><input type="checkbox"/> Escolas de Celeiro de Mariñaos.<br><input type="checkbox"/> Local Social de Vilamar.<br><input type="checkbox"/> Local Social de San Xusto.<br><input type="checkbox"/> Teleclub da Rilleira.<br><input type="checkbox"/> Teleclub de Villamartín Grande. | XOVES | 16:30 a 17:30 h. |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------|------------------|

Para dúbidas, poñerse en contacto co 982.124.002.